

Obradoiro: DIRIXIR EN TEMPOS DE CRISE | PÍLULAS FORMATIVAS

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	18/05 – 01/08/2021	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	As sesións virtuais de aprendizaxe de cada pílula celebraranse en horario de 11:00 – 12:00hs. A persoa docente estará dispoñible, en horario de titorías, de luns a venres de 9:0 a 10:30 hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Facilitar formación aplicada e adaptada á situación actual nos ámbitos comerciais, económico-financeiro, planeamento e previsións, novas ferramentas e recursos.
- Impulsar o encontro entre cooperativas, a posta en común de necesidades e recursos, a transferencia de experiencias, metodoloxías e boas prácticas entre as cooperativas que participen no programa.
- Facilitar ferramentas específicas de xestión, repositorios, bases de datos, de autodiagnose, teletraballo e reunións virtuais que podan contribuir a adaptarse á unha realidade onde o presencial vai tardar en recuperarse plenamente.

PROGRAMA

- Módulo 1.- Xestión cooperativa en entornos de crise.
- Módulo 2.- Habilidades Sociais e organización societaria.
- Módulo 3.- Plan de Reactivación.
- Módulo 4.- Recursos e ferramentas disponibles.

CONTIDOS

Enmarcado no programa de reactivación #saimoscooperando. Establécese na modalidade de pílulas formativas nas que se pode participar de xeito independente ou realizando o itinerario completo de formación. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación (<http://aulaespazocoop.com>) os contidos de aprendizaxe que se van desenvolver. A través da propia aula virtual, na sala de videoconferencias levaranse a cabo as sesións virtuais de aprendizaxe que permitan o intercambio de dúbidas, necesidades, recursos a disposición, boas prácticas e medidas de interese ao tempo que facer comunidade.

Sesións virtuais de aprendizaxe:

- Pílula 1 | Planeamento estratéxico | do 18 ao 24 de maio | Sesión virtual de aprendizaxe. 20/05/2021.
- Pílula 2 | Organización Cooperativa | do 31/05 ao 06/06/2021 | Sesión virtual de aprendizaxe. 03/06/2021.
- Pílula 3 | Comercial | do 28/06 ao 04/07/2021 | Sesión virtual de aprendizaxe. 01/07/2021.
- Pílula 4 | Economía e finanzas | do 26/07 ao 01/08/2021 | Sesión virtual de aprendizaxe. 29/07/2021.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

As persoas que non poidan participar nelas terán que realizar unha complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

As persoas socias e asalariadas das cooperativas participantes no programa #saimoscooperando que teñan funcións e ou responsabilidades nos cadros directivos das súas organizacións ou que estean interesadas en desenvolver as súas capacidades para desempeñar estas funcións. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.

Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.

Pílula 1 | Planeamento estratéxico | do 18 ao 24 de maio | Sesión virtual de aprendizaxe. 20/05/2021 | Horario: 11:00 – 12:00hs

O Planeamento estratéxico axúdanos a definir os principais obxectivos que pretende conseguir a cooperativa ou organización (QUÉ QUEREMOS CONSEGUIR), así como as grandes liñas estratéxicas de actuación (COMO IMOS LEVALO A CABO) nun marco temporal que pode ir de 3 a 4 anos. Diante de situacións extraordinarias de crise ou acontecementos imprevistos, resulta moi importante volver a redefinir obxectivos e estratexias.

Neste momento de recuperación da normalidade, compre poñer foco sobre o planeamento estratéxico como ferramenta de apoio. Nesta pílula achegaremos contidos e información relevante e porémos en común ferramentas que nos poden axudar.

Pílula 2 | Organización Cooperativa | do 31/05 ao 06/06/2021 | Sesión virtual de aprendizaxe. 03/06/2021 | Horario: 11:00 – 12:00hs

Neste pílula formativa imos afondar na parte principal das cooperativas: **as persoas**.

Coñeceremos como se traballa nunha cooperativa, como se configura a relación das persoas coa cooperativa.

Para coñecer mellor ás persoas, comezando por nós mesmas, repasaremos as habilidades sociais e persoais básicas que nos permiten manter unhas relacións persoais, sociais, laborais máis satisfactorias.

Achegarémonos tamén á organización societaria da cooperativa para repasar e afondar nos aspectos máis importantes.

Pílula 3 | Comercial | do 28/06 ao 04/07/2021 | Sesión virtual de aprendizaxe. 01/07/2021 | Horario: 11:00 – 12:00hs

Nesta pílula formativa imos afondar no xeito no que poderemos reactivar a nosa cooperativa. Que aspectos debemos ter en conta, cales son os pasos a dar, que cousas mudaron e están a mudar no xeito que teñen as nosas potenciais persoas consumidoras de actuar e consumir neste momento.

Aproveitaremos a sesión virtual de aprendizaxe para poñer en común e experimentar con ferramentas que nos axudan neste labor.

Pílula 4 | Economía e finanzas | do 26/07 ao 01/08/2021 | Sesión virtual de aprendizaxe. 29/07/2021 | Horario: 11:00 – 12:00hs

Na última pílula formativa daremos a coñecer recursos e ferramentas que nos van axudar na reactivación e mellora da área económico – financeira da cooperativa. Achegarémonos á contabilidade e todo o que esta ferramenta nos achega para poder tomar decisións máis ponderadas na empresa.

Coñeceremos as especificidades contables das cooperativas e como nos afectan a través da realización de casos prácticos.